



manual básico



ACOMPAÑANTE
transporte escolar

XUNTA DE GALICIA

manual básico



ACOMPañANTE transporte escolar

XUNTA DE GALICIA

EDITA

Xunta de Galicia

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Teófilo Comunicación

IMPRIME


Gráficas Anduriña

DEPÓSITO LEGAL

PO-601/2006

ÍNDICE

Presentación	7
¿Que é o transporte escolar?	8
¿Quen se pode beneficiar deste servizo?	9
¿Quen é a persoa acompañante?	10
¿Cando é obrigatoria a presenza da persoa acompañante?	11
¿Cales son as funcións da persoa acompañante?	12
¿Onde estarei durante a viaxe?	15
¿Pode realizarse o transporte se non estou presente?	15
¿Teño que levar documentación?	16
Obrigas das familias	17
Obrigas do/a director/a dun centro de ensino	19
Obrigas das empresas transportistas	21
¿Debe estar identificado o vehículo?	22





Presentación

Esta guía pretende ser un documento de información dirixido fundamentalmente á persoa acompañante no transporte escolar, pero tamén debe ser útil para as familias e o alumnado usuario do transporte escolar na nosa Comunidade Autónoma.

Dende que a Xunta de Galicia asumise as competencias en Educación, centrou o seu esforzo en ofrecer á poboación escolar máis e mellores respostas en servizos educativos.

A consideración do transporte escolar como servizo educativo complementario é o que determina o interese e o esforzo que se realiza para que o mesmo se leve a cabo coa máxima calidade e nas mellores condicións de seguridade.

Moitos son os factores que interveñen no seu funcionamento, polo que controlar as distintas variables non é sinxelo. Só acadaremos prestar ao alumnado un servizo digno, seguro e de calidade se todos contribuímos á súa mellora.

Ofrécese información básica sobre os aspectos máis relevantes que deben ser coñecidos polo alumnado usuario e polas súas familias ante calquera dúbida que poidese xurdir, pero particularmente será a persoa acompañante quen coñeza e cumpra as diferentes funcións que aquí se reflicten.

A responsabilidade que comporta a prestación do servizo de transporte escolar fai necesaria a implicación de toda a comunidade educativa.

Dende a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estamos convencidos de que esa implicación será máis activa e eficaz se se ten un coñecemento rigoroso, tanto do funcionamento, como das canles de participación.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria





¿Que é o transporte escolar?

É o traslado do alumnado menor de 16 anos dende o lugar onde técnica e legalmente sexa posible, ata o centro docente no que estea escolarizado, sempre que o seu domicilio estea fóra do núcleo urbano onde se sitúa o centro escolar, e calquera a unha distancia do mesmo superior a 2 km ou porque circunstancias excepcionais así o autorizan.

O transporte escolar xestionado pola Xunta de Galicia realízase en vehículos autorizados e está destinado a alumnas e alumnos que cursan ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria en calquera modalidade de escolarización.

Na lexislación estatal vixente ten a consideración de servizo educativo complementario e gratuíto para todos os centros públicos.





¿Quen se pode beneficiar deste servizo?

Teñen dereito á gratuidade do transporte escolar:

- O alumnado de Educación Infantil, Educación Primaria e Ensinanza Secundaria Obrigatoria que curse estudos no centro público que lle corresponda por adscrición, sempre que ese centro estea a 2 km do seu domicilio, ou que por circunstancias excepcionais se autorice.
- O alumnado escolarizado en Centros de Educación Especial ou en Centros de Escolarización Preferente, se as necesidades derivadas da discapacidade deste alumnado dificultan o seu desprazamento ao centro escolar.





¿Quen é a persoa acompañante?

Segundo o Real decreto 443/2001, do 27 de abril, o/a acompañante é unha persoa maior de idade idónea, que se encarga do coidado dos/as menores durante o seu transporte.





¿Cando é obrigatoria a presenza da persoa acompañante?

- Nos transportes públicos regulares de uso especial de escolares por estrada, cando a terceira parte ou máis, do alumnado transportado tivese unha idade inferior a dezaseis anos no momento do inicio do curso escolar, sempre e cando así se especifique na correspondente autorización.
- En todo caso será obrigatoria a presenza da/o acompañante cando se transporte **alumnado con necesidades educativas específicas**. Neste caso, a persoa acompañante deberá contar coa cualificación laboral necesaria para a adecuada atención dese alumnado de necesidades educativas especiais.
- Nos transportes privados complementarios de viaxeiros por estrada, cando se transporten alumnas/os de centros de educación especial ou se trate de transportes nos que a orixe ou o destino sexan distintos do domicilio das e dos menores ou do centro docente en que cursan estudos.
- Nos transportes públicos de uso especial de escolares, de uso xeral, transportes públicos discrecionais e privados complementarios, **cando polo menos o 50 por 100 das/os viaxeiras/os sexan menores de doce anos**.





¿Cales son as funcións da persoa acompañante?

A principal función da persoa acompañante é a vixilancia e o coidado do alumnado transportado, durante o tempo que permanezan no vehículo e mentres soben e baixan do mesmo. Así mesmo, como acompañante:

- Irei perfectamente identificada/o e dispoirei de material básico de primeiros auxilios.

- Coidarei da seguridade das e dos menores durante o transporte e procurarei que non se produzan altercados durante as viaxes.

- Encargareime da recollida e acompañamento do alumnado durante o seu transporte, das operacións de acceso e abandono do vehículo, así como de acompañalo dende o mesmo até a entrada ao recinto escolar e viceversa.

- Comunicarei á Dirección do centro docente e á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria calquera incidencia que atinxa ao alumnado durante o transporte ou nos momentos de acceso e abandono do vehículo.





- Coñecerei o funcionamento dos mecanismos de seguridade do vehículo.
- Coordinarei as operacións de evacuación do vehículo e atenderei o alumnado ferido, no seu caso, cando se produzan avarías ou accidentes de circulación.
- Aceptarei o control e inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre o servizo de acompañante levado a cabo nos seus autocares.
- Comprobarei que os/as alumnos/as menores de 12 anos non ocupen prazas contiguas á do/a condutor/a e que non o/a molesten. Aqueles/as que teñan algunha discapacidade situaranse nas prazas máis próximas ás portas de saída.
- Controlarei que o alumnado que suba ao vehículo sexa usuario do servizo de transporte escolar, así como de que non entre ningunha persoa allea a este servizo.





- Comprobarei que cada alumna/o baixe na parada que lle corresponde. Asegurareime de que son recollidas/os polos seus pais/nais ou persoa autorizada para facelo. De non ser así, non deixarei que baixen do bus, e chamarei ao centro escolar ou á súa familia, se é o caso.
- Coidarei do alumnado afectado por indisposicións leves. En caso de maior gravidade, avisarei tanto aos servizos de urxencias médicas, como ao centro e ás familias que corresponda.
- Comprobarei que todas as mochilas do alumnado están colocadas no lugar axeitado, e que non molestan o paso ou os accesos ao vehículo.
- Responderei coa máxima calma e seguridade posible en caso de que se dea unha situación difícil durante o traxecto, e comunicareino inmediatamente á dirección do centro educativo.
- Cada familia será responsable da seguridade no traslado dos/as seus/súas fillos/as dende o domicilio familiar até a parada, así como no tempo de espera até a chegada do vehículo, e viceversa.





¿Onde estarei durante a viaxe?

Deberei ocupar praza nas inmediacións da porta de servizo central ou traseira.

¡Nunca na porta dianteira nin ao lado do/a condutor/a!

¿Pode realizarse o transporte se non estou presente?

Non poderá realizarse o servizo de transporte escolar nos casos nos que é obrigatoria a miña presenza.

Tan só nos casos nos que a non realización do servizo implique un risco maior aos menores, a persoa que conduza debe continuar igual a ruta, sen a/o acompañante.





¿Teño que levar documentación?

Si, deberei levar:

- Unha relación nominal que recolla os seguintes datos: nome e apelidos do alumnado, nivel de escolarización e a parada na que se incorpora á ruta. Estes datos serán facilitados polo centro e recollidos no documento facilitado pola Consellería.
- Un chaleco fluorescente con bandas reflectantes, identificado co anagrama da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Unha acreditación expedida pola entidade organizadora do servizo (aínda que non supoña unha relación laboral directa con ela), ou en todo caso, polo transportista.
- Unha mochila identificativa.
- Un botiquín de primeiros auxilios.
- Un sinal de tráfico para indicar unha parada momentánea.
- Unha guía básica coas miñas funcións.
- Un folleto de incidencias.





E a familia: ¿Cales son as súas funcións?

As nais e os pais, así como os titores legais, de ser o caso, teñen unha responsabilidade importante na seguridade dos seus fillos e das súas fillas no que se refire ao transporte escolar. Deberán asegurarse de que coñecen estas regras:

- Que chega a tempo.
- Que non corre para chegar ao bus, nin para subir ou baixar del.
- Que se retira cara atrás cando se achega o bus.
- Que non empuxa aos demais.
- Que se mantén sentada/o no seu sitio.
- Que non grita nin alborota.
- Que obedece á persoa acompañante e ao/á condutor/a.
- Que agarda ao sinal da/o acompañante se ten que cruzar por diante do bus, e que sempre o fai a unha distancia de 3 metros.
- Que nunca se agacha por debaixo ou preto do bus.



Se vai recoller a súa filla ou o seu fillo con coche particular, non estacione no lado oposto da parada do bus; isto obrigarlle a cruzar a rúa, co risco que iso implica. Pode evitalo aparcando no mesmo lado que o fai o bus.

Non deixe que a súa filla ou o seu fillo corra ou xogue con movementos bruscos na parada do bus. É moi perigoso cando hai tráfico preto.

No caso de que decidise recoller a súa filla ou o seu fillo no centro escolar, non se esqueza de avisala/o. Deixe un escrito no centro no que conste que, baixo a súa responsabilidade, non utilizará o transporte escolar nese día ou nun dos traxectos.





Como director/a dun centro de ensino correspóndeme:

As directoras e os directores dos centros receptores do servizo de transporte escolar son responsables do control e seguimento de que a prestación deste servizo educativo complementario se faga en condicións de calidade. Para o axeitado cumprimento destas funcións poderán delegar ou axudarse doutro/a profesional do centro, que será o coordinador/a do servizo.

Ao inicio de cada curso escolar, a dirección do centro e a coordinadora ou o coordinador do transporte comunicará ás nais e aos pais, así como aos titores legais, se fose o caso, do alumnado transportado o horario e os puntos de saída e chegada.



No caso de observar deficiencias nos servizos de transporte e/ou da persoa acompañante, a dirección do centro ou o/a coordinador/a do transporte comunicarallas verbalmente á empresa para a súa corrección, sen prexuízo da súa notificación por escrito ao Servizo Provincial de Recursos Educativos Complementarios.

Estas deficiencias poderán ser detectadas polo propio centro, pola persoa acompañante, pola empresa do transporte, polo alumnado ou polas súas familias.

No centro de destino habilitarase un documento de incidencias para que o/a transportista, a persoa acompañante, o/a coordinador/a do transporte ou calquera outra/o interesada/o poida rexistrar as posibles incidencias. Este documento será custodiado pola dirección do centro docente.





Dende as empresas temos as seguintes obrigas:

- 1.- Proporcionar as persoas idóneas maiores de idade que coñezan os mecanismos de seguridade do vehículo e que desenvolvan as funcións de acompañante no transporte escolar para o alumnado autorizado.
- 2.- Manter, a disposición da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a documentación que acredita en todo momento o cumprimento das obrigas derivadas da normativa laboral e social, en relación co persoal que preste o servizo de acompañante.
- 3.- Manter en todo momento o mencionado servizo mediante persoal idóneo e vencellado á empresa.
- 4.- Facilitar o medio de comunicación dunha persoa responsable para que, de acordo coas instrucións da Delegación Provincial correspondente, resolva as distorsións ou anomalías que poidan producirse no desenvolvemento do servizo, así como outras circunstancias que xurdan inesperadamente relacionadas co mesmo.
- 5.- Responder ante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de que o persoal que realiza o servizo de acompañante, desenvolva as funcións recollidas no Real decreto 443/2001, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.





¿Debe estar identificado o vehículo?

Si, durante a realización do servizo o vehículo deberá estar identificado segundo determine a normativa xeral de circulación para este tipo de servizo.

O sinal ou sinais, de ser o caso, colocaranse dentro do vehículo, na parte dianteira e traseira, de tal xeito que sexa visible dende o exterior.

Tamén levará o sinal de Transporte Escolar Gratuito, segundo determina a Orde do 29 de xullo de 1988 (DOG do 1 de setembro de 1988).

Ambos os dous sinais reproducense na páxina seguinte para unha mellor identificación.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**TRANSPORTE ESCOLAR
GRATUÍTO**



A Xunta de Galicia considera o transporte escolar como un servizo educativo. O seu funcionamento é responsabilidade de toda a comunidade educativa. Entre todos e todas conseguiremos que o servizo funcione correctamente.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA